

31 de MAIO- DÍA MUNDIAL SEN TABACO

O 31 de maio de cada ano, a Organización Mundial da Saúde (OMS) celebra o día Mundial sen Tabaco, co obxectivo de resaltar os riscos asociados ao tabaquismo; tanto para a saúde, como noutros ámbitos e avogar por políticas eficaces para reducir o seu consumo, sobre todo entre a xente máis nova.

Nesta liña, a OMS centra o **Día Mundial Sen Tabaco** deste ano 2026 en continuar desvelando as tácticas que utiliza a industria do tabaco para facer que os seus produtos nocivos sexan máis atractivos, utilizando como lema:

“DESENMASCARAR O SEU ATRACTIVO PARA CONTRARRESTAR A ADICCIÓN Á NICOTINA E AO TABACO”

Con esta campaña, preténdese continuar co impulso iniciado pola OMS o ano pasado, destacando a importancia de visibilizar as tácticas da industria tabaqueira para manipular o aspecto dos seus produtos e facelos máis atractivos (cigarros electrónicos, tabaco sen combustión, bolsas de nicotina); á vez que animar aos gobernos para que adopten políticas que protexan á xuventude e á poboación xeral, dos danos asociados ao consumo de produtos do tabaco. Pretendendo así, poñer fin á epidemia do tabaco.

Seguindo as indicacións da OMS, dende o **Proxecto de prevención das condutas adictivas de Cuntis, Barro, Moraña e Portas**, sumámonos ás súas iniciativas contra o tabaquismo coa realización anual de varios Obradoiros de prevención, destinados ao alumnado de 6º E.P e da E.S.O, cos que reflexionar sobre os riscos, mitos dos produtos do tabaco e sobre as estratexias da industria tabaqueira para manter os seus beneficios. Ademais de promover o abandono do consumo de tabaco entre as persoas fumadoras dos catro Concellos. Ponse a disposición dos e das fumadores/as materiais para facilitar o seu abandono, asesoramento psicolóxico gratuíto e acompañamento en tratamentos farmacolóxicos gratuítos (tratamentos farmacolóxicos gratuítos solicitude en atención primaria).

Asesoramento Psicolóxico para deixar de fumar:

986 59 59 22 / prevenciondrogodependencias@concellodecuntis.es

Finalmente, apélase á responsabilidade da poboación en xeral e, particularmente dos estancos e hostalería; recordando que está prohibida a venda, subministro e distribución de tabaco e cigarros electrónicos a menores de 18 anos (*Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ó tabaquismo e reguladora da venda, do subministro, do consumo e da publicidade dos produtos do tabaco/ Lei 6/2025 do 23 de decembro, de protección da saúde das òrsoas menores de idade e prevención das condutas adictivas*).

